

A tese en L^AT_EX para lingüistas

Presentación

L^AT_EX é un sistema sofisticado para a preparación de documentos que separa os labores de introdución do contido e de formato do texto. Ofrece uniformidade de estilo, soporte bibliográfico, seguimento de referencias e grandes capacidades para a estruturação de documentos complexos. L^AT_EX axúdanos a centrarnos no contido e a non preocuparnos da presentación.

O obxectivo deste curso é ofrecer unha introdución ao sistema de composición de textos L^AT_EX. Será de especial interese para persoas que estean a realizar a súa tese de doutoramento e/ou que traballen no ámbito da lingüística, mais pode servir de introdución para calquera persoa que non coñeza L^AT_EX.

Datas: 12, 14 e 15 de febreiro de 2019

Horario: de 10:00 a 14:00

Lugar: Instituto da Lingua Galega (sala de conferencias)

Docente: Vítor Míguez

Contidos:

1. Introducción a L^AT_EX
 - 1.1. Presentación: que (non) é L^AT_EX?
 - 1.2. Principios básicos de L^AT_EX
 - 1.2.1. Tipos de comandos
 - 1.2.2. Crear un documento
 - 1.2.3. Opcións básicas de formato
 - 1.2.4. Figuras e táboas

- 1.3. A tese en \LaTeX
 - 1.3.1. O tipo de documento
 - 1.3.2. Estrutura do documento: partes da tese e organización dos ficheiros
 - 1.3.3. Cabeceiras e rodapés
 - 1.3.4. Algúns paquetes útiles
2. \LaTeX para lingüistas
 - 2.1. Fontes fonéticas con `TIPA`
 - 2.2. Árbores sintácticas con `qtree`
 - 2.3. Exemplos enumerados e glosas con `Expex`
3. Bibliografía en \LaTeX
 - 3.1. Xestión de información bibliográfica con `BibTeX` e `Zotero`
 - 3.2. A introdución das referencias en \LaTeX : o paquete `biblatex`
 - 3.2.1. Opcións do paquete
 - 3.2.2. Principais comandos
 - 3.3. Citas con `csquotes`

Materials

É necesario dispor dun ordenador portátil para poder seguir o curso.

Á hora de empregar \LaTeX no equipo existen dúas opcións:

- Utilizar un editor en liña, como Overleaf (é gratuíto pero require rexistrarse, <https://www.overleaf.com/>).
- Instalar unha distribución \TeX para o sistema operativo correspondente: as recomendadas son MiKTeX para Windows, MacTeX para Mac OS e TeX Live para Linux (véxase <https://www.latex-project.org/get/>). Xunto a isto, convén instalar un editor de \LaTeX (recoméndase \TeX studio, <https://www.texstudio.org/>).

As persoas interesadas en asistir ao curso deben enviar unha mensaxe a vitor.miguez@usc.es. A matrícula realizarase tendo en conta a orde de inscrición ata alcanzar as 15 prazas.